


Sumario



EDITA

Concello de Betanzos

DESEÑO DA PORTADA

Luis Galán

IMPRIME E DESEÑA

Lugami Artes Gráficas

Colaboradores

Manuel Basoa Vizoso

Concepción Delgado Corral

Alfredo Erias Martínez

Antonia Anido Díaz

Lucía Tenreiro

Guadalupe Martínez Mosquera

Esther López Castro

galicia

XUNTA
DE GALICIA
Turismo de Galicia



Deputación
DA CORUÑA

Estrella
Galicia

//ABANCA



GADIS





Saúdo da Rexedora

Vinte e dous anos de Feira Franca Medieval. Aí é nada.

Betanzos converteuse nun referente das feiras medievais. Un exemplo e guía para outras moitas que apareceron nestes últimos anos en distintas zonas de Galicia e incluso de España, o que nos ten que facer sentir inmensamente orgullosos do noso, do que temos e do que gozamos, algo ao que, ás veces, por esa proximidade, non lle damos a importancia que ten.

Un orgullo betanceiro, orgullo do noso, que temos que sentir máis ainda nun ano no que celebramos os 800 anos do traslado da cidade dende Tiobre ao Castro de Untia, á actual praza da Constitución, epicentro de celebracións desta Feira Medieval. 800 anos desde que o Rei Afonso IX concedeu o privilexio do traslado da cidade, case 300 anos antes de que outro rei, Enrique IV, en 1467, concedera permiso para a celebración dunha feira franca anual.

Por diante teremos tres días de Feira. Convidovos a que os aproveitedes para cambiar o paso do noso día a día, e gozar plenamente de algo único, dunha festa diferente e de BETANZOS, da súa riqueza histórica e cultural, das súas rúas, das súas xentes, do seu comercio, da súa hostalaría... Viaxando a unha época pretérita onde a nosa cidade tivo un papel significativo no Antigo Reino de Galicia.

Nas vosas mans tedes o programa de actividades, que inclúe desde as representacións de temas e acontecementos medievais, que marcaron a nosa historia, ata música, exposicións... que se mesturáran coa venda de produtos de artesanía e produtos gastronómicos nos distintos postos distribuídos nas rúas do casco histórico, un programa que non sería posible desenvolver sen a desinteresada achega de voluntarios e voluntarias e traballadores e traballadoras municipais aos que agradezo o seu esforzo e dedicación.

María Barral Varela





Venres, 12 de Sant Yago

- 15:00 h** Remate da colocación das paradas de venta da Feira Franca Medieval.
- 18:00 h** Os/as artesáns/ás chegados de todos os lugares e recunchos de España, abren as súas paradas para ofrecer o mellor das súas terras ás persoas que queiran mercar ou observar os seus produtos.
- 18:00 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira e apertura do CAMPAMENTO MEDIEVAL situado no cantón Claudino Pita. Este último será por conta das compañías especialistas Hípica Celta e Velha Lamparinha con combates entre cabaleiros, tiro con arco, tiro con béstia, xogos para os nenos e nenas e obradoiros de exhibición de oficios tradicionais (curtimento do coiro, elaboración da cota de malla, e obtención da seda e cestaría).
- 19:30 h** Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución.
- 19:30 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.
- 21:00 h** O señor de Andrade honra a todos os seus vasallos coa chegada á praza da Constitución desta real cidade e solicítalle ao ilustrísimo señor rexedor a apertura da FEIRA FRANCA.
- Nobres e campesiños presentarán as súas queixas e pedimentos ao señor de Andrade por medio do notario Xoán Blanco e haberá danzas nobres e campesiñas coa colaboración da escola de danza DANZARTE e danzas mouras por conta das voluntarias da Feira Franca Medieval. O pregón correrá por conta de **FRANCISCO DIAZ PEREIRA "PACHICO"**.
- Para rematar a ilustrísima señora rexedora da cidade de Betanzos abrirá a XXII FEIRA FRANCA MEDIEVAL de Betanzos.
- 23:00 h** Na rúa Travesa os membros do CLUB DE BALONCESTO SANTO DOMINGO de BETANZOS representarán o incendio da cidade do século XVI cunha simpática carreira de bocois.
- 00:00 h** Na praza da Constitución espectáculo de lume e malabares “Errantes” por conta da compañía TROULA Animación.
- Durante toda a tarde haberá espectáculos de malabarismo, música, teatro, etc. Actuarán por toda a feira FAUNO, o grupo de música ACIBREIRA, o grupo de teatro VOLTA E DÁLLE, Grupo TROULA ANIMACIÓN con espectáculos de percusión e lume. Ao longo de toda a tarde haberá exhibición de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e de CETRARÍA na rúa Nova.
- RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira, e CAMPAMENTO MEDIEVAL no cantón Claudino Pita desde as 18:00 h ata as 22:00 h con obradoiros e xogos populares para nenos e nenas. Co mesmo horario funcionarán o resto das atraccións para os rapaces e rapazas.
- Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuito, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 19:30 h e as 21:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.**





Sábado, 13 de Sant Yago

- 11:30 h** Apertura das paradas.
- 11:30 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL e das atraccións para os nenos e nenas na praza dos Irmáns García Naveira así como do Campamento Medieval e os obradoiros no cantón Claudino Pita por conta das compañías Especialistas Hípica Celta e Velha Lamparinka.
- 12:00 h** Comezarán a percorrer a Feira os pasarrúas de MÚSICOS, CÓMICOS e MALABARES, así como o grupo de teatro LA RECUA.
- 12:30 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na praza da Constitución.
- 12:30 h** Actuación de KOTE MALABAR no atrio de Santa María.
- 13:30 h** Na praza da Constitución, chegada dos mouros ao mando de Yussuf Hammar para esixirlle á cidade de Betanzos as doncelas que ten que entregar ao califa de Córdoba. As mozas mouras que acompañan a Yussuf deleitaranos cunhas fermosas danzas.
- 17:00 h** Apertura das paradas.
- 18:00 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira.
- 18:00 h** Apertura do Campamento Medieval e dos obradoiros no cantón de Claudino Pita.
- 19:00 h** Revolución irmandiña coa proclama do mercador Afonso de Carballido, danzas campesiñas por conta da escola de danza Danzarte e a continuación actuación do grupo AZOUGUE da Escola Municipal de Folclore de Betanzos.
- 20:00 h** Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución.
- 20:00 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.
- 23:00 h** Actuación do grupo de danza oriental MAHAILA no atrio da igrexa de Santa María.
- 24:00 h** Na Praza da Constitución, espectáculo de pirotecnia, zancudos e lume por conta do grupo de teatro LA RECUA e representación dun Auto de Fe.

Durante todo o día percorrerán a Feira FAUNO, o grupo de música ACIBREIRA, o grupo de teatro LA RECUA e, o grupo de teatro VOLTAEDÁLLE, exhibición de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira, e CAMPAMENTO MEDIEVAL E OBRADOIROS no cantón Claudino Pita desde as 11:00 h ata as 14:00 h e dende as 18:00 h ata as 22:00 h.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuito, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 19:30 h e as 21:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.





Domingo 14 de Sant Yago

- 11:30 h** Apertura das paradas.
- 11:30 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL e das atraccións para os nenos/as na praza dos Irmáns García Naveira así como do Campamento Medieval e dos obradoiros no Cantón Claudino Pita.
- 12:00 h** Na praza da Constitución xogos populares e tradicionais para nenos e nenas por conta dos membros da CRUZ VERMELLA de Betanzos.
- 12:30 h** Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución
- 12:30 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.
- 13:30 h** Escena da expulsión dos leprosos que parten da praza dos Irmáns García Naveira, que desenvolverá a xente colaboradora da organización e que rememora un feito histórico da cidade.
- 17:00 h** Apertura das paradas.
- 18:00 h** Apertura do RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira.
- 18:00 h** Apertura do Campamento Medieval e dos Obradoiros no cantón de Claudino Pita.
- 18:00 h** Torneo Medieval a cabalo na praza dos Irmáns García Naveira con exhibición dos cabaleiros ademais de CETRARÍA. Espectáculo de danza polas mozas colaboradoras da organización e a escola de danza DANZARTE.
- 20:00 h** Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na praza da Constitución.
- 20:00 h** Actuación de KOTE MALABAR no adro de Santa María.
- 23:00 h** Na praza da Constitución espectáculo por conta do grupo de teatro LA RECUA.

Durante todo o día percorrerán a feira FAUNO, o grupo de música ACIBREIRA, o grupo de teatro LA RECUA e o grupo de teatro VOLTA E DÁLLE , exhibición de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira, e CAMPAMENTO MEDIEVAL no cantón Claudino Pita desde as 11:00 h ata as 14:00 h e dende as 18:00 h ata as 22:00 h.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuito, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 18:30 h e as 20:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.

**SERÁ NO ANO DE DEUS DE 2020,
CANDO NOS VOLVAMOS A ATOPAR NA
XXIII EDICIÓN DA FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS.**


TERÁ QUE SER ATA ENTÓN... E TEREMOS XA 801 ANOS







Ubicación da Feira Franca



- PULPEIRA
- CERVEXERÍAS
- TORTAS CELTAS
- GASTRONOMÍA
- GRELLA/KEBAB
- WC QUÍMICOS







